

ANEXO III

2023/CP/165

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio SXAI 2023-2025			
Título: "Convenio de Servizos Xerais de Apoio á investigación 2023-2025"			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión da I+D+i			
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/01/2023	FIN: 31/12/2025	
CENTRO Inv. Principal: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do convenio de investigación que se indica. Técnico/a de apoio a labores de I+D, mantemento e xestión de instalacións comúns			
LUGAR E HORARIO: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía - Luns a venres de 7:45-15:15 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVIEMBRE DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA:	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 16/07/2023
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido ☒	Duración determinada: ☐	DATA FIN CONTRATO:
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.925,00 € brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0509442325 541A 6400000			

*O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: grao, licenciatura ou equivalente
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben de cumprirse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register)
Dirixidas á "Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia", coa Referencia da convocatoria
PAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Jaime Rodríguez González, José Luis Pardo Vázquez e Daniel Torrecilla Cillero (Sonia Martínez Varela en calidade de secretaria). Suplentes: M ^a Isabel González Siso e Juan Casto Rivadulla Fernández.
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC

A Coruña, 30 de maio de 2023
O INVESTIGADOR PRINCIPAL
Fdo.: Salvador Naya Fernández e Jaime Rodríguez González
Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	9vSSlYIPrIkmbwRqY4uqWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	02/06/2023 13:32:07
	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	02/06/2023 13:20:27
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9vSSlYIPrIkmbwRqY4uqWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O CICA, o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas, nace no seo da Universidade da Coruña (UDC) en 2015 co obxectivo de reunir grupos de alto impacto en química e bioloxía, favorecendo un modelo de investigación interdisciplinar e cooperativa.

Despois do proceso de colaboración entre o Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC) e o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da UDC, mediante o financiamento a través do programa de Agrupacións Estratéxicas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e tras o exitoso programa de captación de talento levado a cabo nos últimos anos, o CICA está actualmente en proceso de acreditación como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Como paso previo, tras cumprir todos os requirimentos, a Universidade da Coruña aprobou en Consello de Goberno do 26 de outubro de 2021 a creación do CICA como centro de investigación da UDC, pasando a súa denominación a CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía, segundo a nova normativa da Xunta de Galicia e da propia universidade. Como consecuencia da súa reestruturación, queda constituído por 31 grupos de investigación que se organizan baixo tres áreas estratéxicas: i) Biomedicina, ii) Alimentación, Contaminación e Saúde, e iii) Nanociencia e Novos Materiais.

O proceso de acreditación citado requirirá de tarefas de apoio concretas ata a consecución da acreditación, así como de cara ao futuro, no que o CICA buscará a consolidación da súa excelencia científica e a singularidade dentro do espazo de investigación galego. Así mesmo, a especialización do centro, a expansión dos grupos e a incorporación de investigadores e investigadoras de talento trae consigo un aumento das tarefas de xestión e coordinación asumidas desde a Oficina de Xestión.

Unha das pezas fundamentais do CICA neste novo período será o desenvolvemento dunha estrutura de xestión especializada e estable, en consonancia cos modelos de xestión doutros centros de investigación de referencia da contorna, que dea soporte á dirección e aos grupos de investigación adscritos ao centro en diferentes aspectos, e que asegure a correcta interacción cos distintos departamentos ou organismos, tanto da propia Universidade como externos a esta.

En concreto, o CICA necesita da contratación dunha persoa que preste apoio técnico nas tarefas xerais de I+D do centro, que colabore no mantemento dos equipamentos/infraestruturas de uso común do centro e, é especial, que participe na acreditación e posta en marcha do estabulario para experimentación animal do centro, que dará servizo aos grupos de investigación adscritos ao CICA. Esta infraestrutura será a primeira de este tipo da UDC e vén cubrir a demanda de experimentación animal que necesita o persoal investigador de cara ás investigacións que realizan, ás colaboracións con outros grupos e institucións e á consecución de novos proxectos. A persoa contratada integrárase na Oficina de Xestión e requirírase que conte coa formación especializada acorde as funcións relacionadas, e que posúa, ou estea en condicións de conseguir, a homologación da mesma pola autoridade correspondente (capacitacións). As acreditacións máis relevantes para o posto son as das categorías A, B e C da Orde ECC/566/2015.

A investigación que levará a cabo na instalación de experimentación animal do CICA estará principalmente ligada a ciencias da saúde, ciencias médicas, biomedicina e biotecnoloxía e inicialmente usaranse roedores (rata e rato) e peces (peixe cebrado) para a dita experimentación, que se fará respectando toda a normativa vixente de benestar animal.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	9vSS1YIPrIkmbwRqY4uqWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	02/06/2023 13:32:07
	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	02/06/2023 13:20:27
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9vSS1YIPrIkmbwRqY4uqWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



a. As tarefas máis importantes a realizar, entre outras, serán:

- Apoio na elaboración e envío de toda a documentación necesaria para o rexistro da instalación e a súa posta en marcha.
- Mantemento, coidado e eutanasia de animais (categorías A e B da Orde ECC/566/2015), podendo incluír a realización de procedementos de I+D (categoría C).
- Mantemento xeral da nova infraestrutura, así como apoio a tarefas de homologación e xestión da calidade desta.
- Apoio nos procedementos e protocolos a realizar coas especies da instalación, tanto no deseño e aprobación como na parte experimental, técnica ou administrativa.
- Apoio á captación de financiamento para actividades de I+D con experimentación animal, así como á realización de servizos de I+D da infraestrutura.
- Apoio técnico ás tarefas xerais de I+D do centro, así como ao manexo, mellora, mantemento e xestión do equipamento científico-técnico, da instalación de experimentación animal e do resto das infraestruturas comúns.
- Asistencia e apoio analítico ao persoal investigador usuario do centro no manexo de equipos comúns ou colaboración na realización de análises mediante distintas técnicas analíticas.
- Participación na posta en marcha de novo equipamento e infraestruturas, así como na elaboración e implementación de protocolos e guías de uso dos equipos de uso común do CICA.
- Apoio na organización e xestión das actividades de I+D levadas a cabo no centro e, en concreto, ao servizo de xestión de I+D do mesmo.
- Formación continua nas distintas tarefas, especialmente as relativas a experimentación animal e ao mantemento das acreditacións necesarias para estes labores.

b. Requisitos e experiencia valorable do/da candidato/a

- Titulación universitaria de grao, licenciatura ou equivalente, sendo neste caso moi recomendables as titulacións de ciencias da vida e da saúde (especialmente Bioloxía, Biotecnoloxía, Veterinaria ou afíns).
- Valorarase estar en posesión do título de máster e doutoramento en áreas relacionadas coas ciencias da vida e da saúde.
- Experiencia no desenvolvemento de distintos modelos animais en roedores.
- Valorarase a pertenza previa a grupos/centros de investigación e a participación en proxectos de I+D.
- Participación en publicacións científicas do ámbito biomédico, especialmente aquelas con experimentación animal.
- Formación especializada acorde ás funcións e tarefas de experimentación animal. Posuír, ou estar en condicións de conseguir, a homologación da mesma pola autoridade correspondente (capacitación para experimentación animal). As acreditacións máis relevantes para o posto son as das categorías A, B e C da Orde ECC/566/2015, polo que se valorarán especialmente as xa obtidas.
- Outra formación complementaria especializada, tanto a nivel científico como no desenvolvemento de técnicas e na análise de datos.
- Nivel medio de inglés, equivalente a B2 ou superior.
- Coñecementos de informática a nivel usuario.
- Capacidade de traballo en equipo, responsabilidade e iniciativa.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	9vSSlYIPrIkmbwRqY4uqWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	02/06/2023 13:32:07
	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	02/06/2023 13:20:27
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9vSSlYIPrIkmbwRqY4uqWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





c. Criterios e valoración de méritos (táboa de valoración)

IMPORTANTE: o *curriculum vitae* debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa:

	CONCEPTO	PUNTUACIÓN	MÁXIMO
TITULACIÓN ACADÉMICA	En áreas das ciencias da vida e da saúde (especialmente Bioloxía, Biotecnoloxía e Veterinaria ou afíns)	Grao: 2 Licenciatura: 5 Máster: 5 Doutoramento: 10	10 puntos
EXPERIENCIA	Experiencia no desenvolvemento de distintos modelos animais en roedores	0,5 puntos x mes traballado	20 puntos
	Experiencia no desenvolvemento de técnicas experimentais relacionadas (xestión e manexo de mostras biolóxicas humanas, emprego da microscopía óptica e de fluorescencia, cultivo celular, técnicas celulares e moleculares, análises de expresión xénica e proteómica e análise de datos).	0,25 puntos x mes traballado	10 puntos
	Pertenza previa a grupos/centros de investigación e a participación en proxectos de I+D.	0,25 puntos x mes de pertenza ou proxecto participado	5 puntos
	Participación en publicacións científicas do ámbito biomédico, especialmente aquelas con experimentación animal	1 punto x publicación indexada	5 puntos
FORMACIÓN	Capacitación para experimentación animal: funcións A, B e C (Orde ECC/566/2015)	A: 5 puntos B: 10 puntos C: 10 puntos	20 puntos
	Outra formación complementaria especializada, tanto a nivel científico como no desenvolvemento de técnicas e na análise de datos.	0,1 puntos x hora	10 puntos
ENTREVISTA PERSOAL	Entrevista persoal aos/os candidatos/as con maior puntuación nos apartados anteriores (4 candidaturas, poderá establecerse unha nota de corte mínima de 40 puntos para acceder á entrevista)		20 puntos

NOTAS IMPORTANTES:

- Presentar o currículo vitae ordenado do mesmo xeito e con idénticas seccións que a táboa de Criterios e valoración de méritos. Os CV presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados.
- Indicar as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a duración destas.
- Na formación indicar necesariamente o nº de horas, en caso de non indicarse non se valorará.
- En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.
- De ser necesario poderá ser solicitada a documentación xustificativa dos méritos alegados no CV.
- Achegar o certificado acreditativo do nivel de inglés B2 ou superior en caso de telo (requisito non excluínte), o nivel de inglés valorarase na entrevista.
- No caso de que ningunha candidatura obteña unha puntuación superior a 65 puntos, o posto podería quedar deserto.
- Poderase establecer unha listaxe de agarda priorizada das candidaturas avaliadas.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	9vSSL1YPrIkmbwRqY4uqWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	02/06/2023 13:32:07
	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	02/06/2023 13:20:27
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9vSSL1YPrIkmbwRqY4uqWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

